

CARRAPUCHIÑA BRANCA

A Remy Charlip e John Cage

¡Nunca se viu tanta neve!

Esta mañá, cando espertamos, ó abrírmo-la fiestra quedamos cegados pola brancura. A neve estivera caendo toda a noite e cubrírao todo.

Nunca se viu tanta neve!

Aínda que mires ben, con toda esta neve non se albisca a caseta do can, nin os matos de buxo, nin o banco de pedra, nin o perfil das sebes, nin o camiño que leva ó bosque. Por moito que ábra-los ollos non dás visto nada.

Polo medio de toda esa neve só se ven os ollos da Carrapuchiña Branca. Ten unha mirada moi preocupada:

«¿E cómo vou ir onda a avoa levarlle o seu ovo, o leite e mailo azucre que me puxo a mamá envoltos no fardelo que fixo cun pano branco?». E a neve segue a cubrilo todo.

E a Carrapuchiña Branca adéntrase lentamente pola neve en dirección ó bosque que aínda non se ve.

A neve está mol e as pernas da Carrapuchiña Branca afóndense ata os xeonllos. Un pouco máis alá atopa ó pintor Branqueira, que perdera a súa caixa de cores. Carrapuchiña consólao e suxírelle que vaia onda a Brancaneves para que lle dea outra do trinque.

Despois de moito andar pola neve, Carrapuchiña Branca oe un estraño oulido, pero non se ve nada. ¿Será un lobo branco? ¿Onde estará? ¿Qué facer? Mentres tanto, o lobo

segue oulando: está doente porque ten un empacho de avoas e agora só pode comer arroz en branco. ¡Pobre lobo! Pero ¿onde estará? Non se ve nada.

Nin tampouco o lobo ve á Carrapuchiña Branca que segue o seu camiño pola nevada.

Carrapuchiña Branca mira para unha enorme morea de neve. Se cadra, debaixo de todas esas folerpas está a casa da avoa. Carrapuchiña ábrese paso a través da neve e atopa un cartel escrito con xeso branco no que se le: «Marchei á Africa negra. Voiverei polo verán. Abur, e non choredes».

Carrapuchiña Branca arroiba da sorpresa, pero por dentro está un pouco verde por non ter atopado á avoa.

—¡Parece unha novela negra! —exclama. E apura para vover coa mamá.

Polo camiño de volta vai algo de frío, e Carrapuchiña ponse un pouco morada, pero todo irá ben cando estea de novo coa mamá. Do lobo non se volveu saber nada.

De seguro que este conto tan raro vos fará pasar unha noite en branco.

BRUNO MUNARI & ENRICA AGOSTINELLI,
Carrapuchiña vermella, verde, amarela, azul e branca,
Anaya, Madrid, 1998.